

21-08-2013

Boletín do estado actual do Mildiu no Salnés

Risco a curto prazo:

Ao longo desta semana tivemos tempo seco e soleado, polo que non houbo condicións de infección de mildiu. Só se está a atopar algunha mancha nova puntual nas puntas dos brotes que aínda están en crecemento, e que quedaron desprotexidas da última aplicación.

De forma xeral non estamos a atopar ataques novos de mildiu nin en folla, nin en acio.

Risco a medio prazo:

No que queda de semana, a previsión é que baixen as temperaturas do mércores 21 de agosto ao sábado 24 de agosto, con posibilidade dalgunha precipitación illada para o xoves. Logo volverá a estabilidade meteorolóxica, con ventos de compoñente norte e temperaturas elevadas, polo que non é probable que se dean condicións de infección de mildiu.

Estratexia xeral recomendada:

Recoméndase visitar os viñedos para ver o estado sanitario das plantas e detectar a presenza de novos síntomas de mildiu.

No caso de atopar manchas novas de mildiu, recoméndase renovar os tratamentos anti-mildiu. Nos viñedos que non se detecten síntomas, poderíanse alongar os tratamentos ó máximo posible, sempre tendo en conta que a data límite para dar o último tratamento fitosanitario, e así cumprir os prazos de seguridade antes da recolección.

Aplicar produtos anti-mildiu, preferentemente formulados con cobre.

Outras pragas, enfermidades ou debilidade das plantas:

Mosquito verde:

Aínda que a poboación de mosquito verde nalgunhas parcelas é elevada, non sería preciso tratar se non se visualizan síntomas de ataque en folla (necrose ou queimadura no borde das follas).

Polilla do acio (Couza):

*O proxecto LIFE + Viñas Atlánticas non se fai responsable das consecuencias dun uso inadecuado da información contida nos avisos fitosanitarios, os cales non poden substituír a unha avaliación por parte do agricultor ou técnicos dos riscos inherentes as pragas ou enfermidades e os medios de loita empregados contra elas.

As capturas se atoparon trampas de seguimento a día de hoxe, son escasas ou nulas, dependendo da trampa que vexamos, polo que a día de hoxe non sería necesario tratar.

Se tratase para a semana que ven, sería necesario consultar con un técnico antes de realizar a aplicación, para ver se incrementaron as capturas e si sería necesario tratar contra a polilla.

Botrite:

Na actualidade non se están a detectar síntomas de botrite nas parcelas, polo que a día de hoxe non sería necesario tratar. En caso de dúbida, consultar con algún técnico.

Un cordial saúdo
Plataforma SICOM do Proxecto Viñas Atlánticas

*O proxecto LIFE + Viñas Atlánticas non se fai responsable das consecuencias dun uso inadecuado da información contida nos avisos fitosanitarios, os cales non poden substituír a unha avaliación por parte do agricultor ou técnicos dos riscos inherentes as pragas ou enfermidades e os medios de loita empregados contra elas.